



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ACTA NÚMERO 1

PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A CONTRATACIÓN ADICIONAL DE PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS (PROGRAMA APROL RURAL 2024)

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Ás 12:00 h do mércores, 7 de agosto de 2024, reúnen-se as seguintes persoas integrantes do tribunal de selección de persoal laboral temporal para a contratación a tempo completo das persoas traballadoras desempregadas para realizar obras ou servizos de interese xeral e social (programa Aprol Rural 2024; Expte TR351G2024/000032-1):

Presidente.

Titular: Alberto Manteiga Díaz

Vogal 1

Titular: José Lema Moledo

Vogal 2

Titular: M^a Jesús González Ulloa

Secretario

Titular: José Antonio Varela Doval

Concretamente, selecciónanse **1 peón/peoa forestal** que que traballará no desenvolvemento da obra ou servizo denominada “*Traballo de xestión da biomasa vexetal en espazos públicos de Abegondo*”.

Conforme as bases de selección aprobadas por medio do decreto da alcaldía núm. 384/2024 do 16/07/2024 (Expte TEDEC:2024/A008/000010- 2024/G003/000241), o tribunal admitiu inicialmente a todos/as aqueles/as candidatos/as que presentaron os requisitos mínimos.

Neste caso resultaron inicialmente admitidas todas as persoas aspirantes para a praza convocada que presentaron a documentación acreditativa dos requisitos mínimos e que se inclúen na relación de persoas preseleccionadas pola oficina do SPE de Betanzos para a oferta correspondente, sen que proceda ningún tipo de emenda, polo que esta lista ten carácter de definitiva e poderá pasarse á fase de valoración do concurso-oposición.

A lista definitiva é a seguinte:

Praza de peón/peoa forestal (1) / Oferta de emprego núm.: 12-2024-7726

Persoas aspirantes admitidas e excluídas:

Nº rexistro (R.E)	Nome	Admitidas	Excluídas
202400000002622	Botana Barallobre, Manuel	Si	---
	Carabel Pena, Pablo	---	Si ⁽²⁾
	Erias García, Juan Carlos	---	Si ⁽¹⁾
	García Larrú, M ^a Almudena	---	Si ⁽¹⁾
	González Vázquez, David		Si ⁽²⁾
202400000002624	López Boquete, Salvador	Si	---
	López Rodríguez, Carlos	---	Si ⁽¹⁾
202400000002639	Ponte Mosteiro, Antonio Alfonso	Si	---



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

	Rilo García, María	---	Si ⁽²⁾
	Sabajanes Beade, Eduardo	---	Si ⁽¹⁾

(1) Está incluído/a na relación de persoas candidatas enviada pola oficina do Servizo Público de Emprego (oferta núm. 12-2024-7726), se ben non presentou solicitude formal para participar no proceso de selección conforme as bases da convocatoria, xa que ten impedimentos de saúde ou de carácter persoal.

(2) Está incluído na relación de persoas candidatas enviada pola oficina do Servizo Público de Emprego (oferta núm. 12-2024-7726), se ben non cumpre algún dos requisitos para participar no proceso selectivo (art. 14.2 da ORDE da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 /código de procedemento TR351G (DOG núm. 17 do mércores, 24 de xaneiro de 2024).

O tribunal dispón que se publique esta lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas para a praza convocada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo o (<https://sede.abegondo.gal>).

Convócase a todas as persoas candidatas admitidas para realizar a **proba práctica eliminatória**:

Prazas: Peón/peoa forestal (1 praza)

Lugar: Exterior edificio Protección Civil- O Monte, Mabegondo

Día: xoves, 8 de agosto de 2024

Hora: 12: 00 h

En proba de todo, estendo a presente acta e como secretario dou fe.

Abegondo, 7 de agosto de 2024

Asdo: José Antonio Varela Doval



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.